



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Negociado de Educación

Bases específicas do concurso de comparsas participantes no pasarrúas e gala do Entroido 2023.

EDICTO

O Concello-Pleno na súa sesión do día 24.11.2022 aprobou as bases específicas que rexeran o concurso de comparsas participantes no pasarrúas e gala do Entroido 2023 no concello de Ferrol, tendo estas o seguinte tenor:

Asunto: Bases específicas do concurso de comparsas participantes no pasarrúas e gala do Entroido 2023

1. O Concello de Ferrol realizará o Entroido o luns día 20.02.2023 no centro da cidade. As actividades previstas serán as seguintes :

- **Desfile-pasarrúas de comparsas** cuxo trazado e saída se determinará mediante resolución da concellería delegada, notificándose a todos os interesados.
- **Gala do Entroido.** Festival no que as comparsas desenvolverán a súa capacidade creativa nun escenario, cuxa situación e horario de inicio se determinará mediante resolución da concellería delegada, notificándose a todos os interesados.
- Levarase a cabo unha animación por rúas entre as diferentes comparsas, tanto durante como despois da gala, atendendo ás condicións climatolóxicas. Mediante a resolución da concellería referida no punto anterior fixarase a hora de finalización desta animación

En todo caso, a execución de estas actividades axustarase á normativa e protocolos COVID aplicables no momento dos eventos, o que inclúe a propia suspensión dos mesmos de esixilo ou derivarse da citada normativa.

Co obxecto de promover unha das festas tradicionais máis celebradas no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Ferrol convoca **un concurso de Entroido para comparsas, grupos, parellas e persoas que de xeito individual participen no desfile-pasarrúas.**

2. As comparsas inscritas no concurso participaran no desfile e na gala do Entroido, **(un máximo de 15 comparsas)**, previa presentación da folla de inscrición (Anexo I) no Rexistro xeral, nos termos e formas establecidos na lexislación vixente (Lei 39/2015 de Procedemento administrativo, art. 16 e concordantes).

Tamén **poderán participar** no desfile-pasarrúas os **grupos (un máximo de 6 grupos)** que estarán integrados por un mínimo de (8) oito persoas cada un deles, **parellas** (un máximo de 6) e **persoas que participen de xeito individual** (un máximo de 6), previa presentación da folla de inscrición, segundo corresponda (Anexo II, Anexo III e Anexo IV) no Rexistro xeral, nos termos antes indicados.

O prazo de inscrición será de 10 días naturais dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. O criterio de admisión será o seguinte:

- Terán preferencia as comparsas, grupos, parellas e individuais que teñan o seu domicilio no Concello de Ferrol.
- Rígida orde de entrada da solicitude de participación no Rexistro xeral.

A organización reservarase o dereito á cancelación do evento no suposto de que non se acade o número mínimo de oito (8) comparsas participantes.

3. **As comparsas** participantes optarán aos premios en metálico, segundo a valoración do xurado nomeado para tal efecto, e que estará presente no lugar onde se desenvolva a Gala do Entroido. Os premios aos que se opta, serán os seguintes:

1º Premio	630 euros
2º Premio	620 euros
3º Premio	610 euros

Así mesmo cada un dos premios antes reflectidos implicará a entrega de un diploma acreditativo e fotografía.

Accésits por participar (si non se acadá ningún premio específico)

Cada **comparsa** percibirá a cantidade de: **600 euros**. Cada **grupo**, percibirá a cantidade de: **250 euros**. Cada **parella**, percibirá a cantidade de: **60 euros**. **Persoas que participan de xeito** individual percibirá a cantidade de: **40 euros**.

O pago destes premios en todas as modalidades realizarase mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na folla de inscrición e no documento oficial do Concello de Ferrol de “designación de conta bancaria e comunicación da baixa de datos bancarios”, (Anexo VI) sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos.

4. Consideraranse como “**comparsas**” o grupo de persoas integrado por un número igual ou superior a dezaseis (16) compoñentes **debidamente caracterizados e gardando unha unidade temática** na súa vestimenta e actuación. A simple uniformidade dos seus compoñentes non será considerado como “caracterización”. Corresponderá á organización deste evento a exclusión daquelas agrupacións que non cumpran estas normas, este mesmo criterio aplicarase aos grupos, parellas e individuais.

5. Todas as comparsas e grupos deberán estar **caracterizados axeitadamente** e preparadas para a súa participación, tanto no pasarrúas-desfile coma na gala-festival, así como á disposición da organización deste evento nos horarios fixados por esta.

Por parte da organización se comunicará, tanto a orde de saída no desfile como a orde de actuación na gala, por calquera dos medios de notificación indicados na solicitude.

6. Cada comparsa deberá interpretar, ante o público e nas instalacións destinadas ao evento as súas cancións, que terán unha **duración máxima de 7 minutos**. As **letras** serán en **galego** e cada comparsa entregará no Concello (Negociado de Cultura-Festas) copia das cancións ou do guión das parodias a interpretar .

7. As comparsas poderán distribuír as letras das súas cancións entre os asistentes ao festival. Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Ferrol non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das comparsas participantes.

8. As comparsas, os grupos, parellas e individuais seleccionados participarán no desfile e na gala realizada. Permanecerán nas rúas da cidade, ambientando a zona, ata o remate das actuacións do festival.

9. A inscrición implica o total coñecemento das bases do concurso. O incumprimento dalgunha delas supón a descualificación e baixa do concurso.

10. O xurado terá en conta a orixinalidade, que deberán ter unha temática común en base a unha representación ou unha actuación musical. Valorarase a complexidade e dificultade na elaboración dos traxes, a vistosidade dos mesmos tanto en movemento como parado, a complexidade e orixinalidade do conxunto que deberá ir en concordancia co tema que se pretende mostrar.

11. O xurado estará composto polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas que actuará como presidente. Terán a condición de vogais un representante de cada grupo municipal.

En todo caso, tanto o presidente como os vogais poderán delegar ditas funcións.

Actuará como secretario/a un funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación, que actuará con voz e sen voto e levantará acta do acaecido ao remate do concurso.

O xurado terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no momento da votación dos premios.

13. Cada compoñente das comparsas ou grupos, parellas ou individuais inscritos, ademais da solicitude deberán presentar obrigatoriamente os anexos correspondentes que se achegan con estas Bases.

14. O impulso, ordenación, instrución e resolución das cuestións que deriven das presentes bases, corresponderá ao concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas, en todo caso aplicarase de xeito supletorio o establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

15. Os presentes premios son compatibles con calquera outro premio que puideran recibir as entidades e persoas premiadas na Gala do Entroido 2023.

As presentes Bases serán publicadas no BOP e na páxina web do Concello así como os Anexos correspondentes.

16. Convocar o concurso de comparsas e pasarrúas da gala do Entroido 2023 do Concello de Ferrol, atendendo ao obxecto, requisitos, prazos, documentación e valoración establecidos nas bases específicas anteriormente aprobadas, sendo de aplicación supletoria a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Ferrol, 28 de novembro de 2022

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas,

Antonio Golpe Díaz

ANEXO I**FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE FERROL 2023****Desexamos participar no Concurso de Comparsas de Entroido 2023**

Nome da Comparsa
DNI/CIF:
Data de constitución da comparsa como entidade ou asociación:
Enderezo:
Poboación
Código Postal:
Representante legal:
Data de nomeamento:
NIF:
Enderezo:
Poboación / C.P.
Teléfono de contacto: Correo electrónico:

Características da comparsa participante:

Temática da comparsa:

Título da comparsa:.....

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VIII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2023 do Concello de Ferrol.

Ferrol, dede 2023

Sinatura do representante da comparsa,

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO II

FORMULARIO DE INSCRICIÓN PARA O DESFILE-PASARRUAS DE GRUPOS NO ENTROIDO-2023

Desexamos participar no desfile-pasarrúas do Entroido 2023

Nome do grupo:
DNI/CIF:
Enderezo:
Poboación/C.P.
Teléfono de contacto:
Representante:
Data de nomeamento:
NIF:
Enderezo:
Poboación/C.P.:
Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

Características do grupo participante:

Nome do grupo:

Temática do grupo:

Número de integrantes:

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VIII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2023 do Concello de Ferrol.

Ferrol, dede 2023

Sinatura de todos os integrantes do grupo

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**ANEXO III****FORMULARIO DE INSCRICIÓN PARA O CONCURSO DE PARELLAS DO ENTROIDO-2023****Desexamos participar no concurso de PARELLAS do Entroido 2023**

Denominación da Parella:
Temática da parella:
Nome e apelidos do 1º integrante
NIF:
Nome e apelidos do 2º integrante
NIF
Enderezo:
Poboación:
Código Postal:
Teléfonos de contacto (dos dous)
Correos electrónicos(dos dous):

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VIII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2023 do Concello de Ferrol.

Ferrol, dede 2023

Sinatura dos dous integrantes da parella concursante,

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO IV

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN PARA O CONCURSO INDIVIDUAL do ENTROIDO-2023

Desexo participar no concurso Individual do Entroido 2023

Denominación:
Nome e apelidos do integrante
Temática:
NIF:
Enderezo:
Poboación:
Código Postal:
Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VIII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido 2023 do Concello de Ferrol.

Ferrol, dede 2023

Sinatura do participante,

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE REUNIR TODAS AS CONDICIÓN INDISPENSABLES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE FERROL 2023

Don/a

..

DNI

...

Actuando en representación da

entidade.....

CIF

.

Enderezo:

..

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a entidade á que represento ou as persoas físicas participantes, no caso de grupos, parellas ou persoas participantes de xeito individual, esta ao corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias** e coa **Seguridade Social** e cumpren os requisitos para obter la condición de beneficiario, nos termos establecidos na Lei xeral de Subvencións, así como comprométense a manter esta situación durante todo o prazo de tramitación do expediente, e autoriza ao concello a comprobar, no seu caso a veracidade do declarado.

E para que así conste e surta os efectos oportunos asino a presente en

Lugar, data e sinatura do representante:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL
ANEXO VI**

**DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN
DA BAIXA DE DATOS BANCARIOS**

ACREDOR DATOS DO	Nome ou denominación social			DNI
	Enderezo para efectos de notificación			Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2	E-mail

DATOS	Datos do representante			
	Nome			NIF
	Deberá achegar fotocopia compulsada de acreditación de representación			

SOLICITUDE	Solicito				
	♦ ♦	Alta de datos bancarios			
	♦	Baixa de datos bancarios			
	IBAN ES	Código	Código	D.C.	Número de conta

CUBRIR POLO BANCO	Certifico, por petición da persoa citada no apartado <i>Datos do acredor</i> e para efectos da domiciliación, a existencia da conta sinalada no apartado <i>Alta de datos bancarios</i> aberta a nome do titular que figura no apartado <i>Datos do acredor</i>	
	Selo da entidade de crédito	Pola entidade de crédito
	Asinado	

SINATURA		Sinatura da persoa acreedora ou reobrepresentante
	Data da solicitude	
	Código da solicitude	

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL
ANEXO VII**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO
DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES
QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES**

Don/a

con DNI núm..... como responsable da comparsa/grupo denominada/o cumpro os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor.¹ e nos termos e alcance do establecido no artigo 69 de Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Ferrol, _____ de _____ de _____ de _____

¹ Artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor indica textualmente que: *“Será requisito para el acceso y ejercicio a las profesiones, oficios y actividades que impliquen contacto habitual con menores, el no haber sido condenado por sentencia firme por algún delito contra la libertad e indemnidad sexual, prostitución y explotación sexual y corrupción de menores, así como por la trata de seres humanos. A tal efecto, quien pretenda el acceso a tales profesiones, oficios o actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante la aportación de una certificación negativa del Registro Central de delincuentes sexuales”*.

